



Sarria

Organismo Autónomo
Nosa Señora do Carme

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO Á BOLSA DE EMPREGO DE ENFERMEIRAS DO ORGANISMO AUTÓNOMO RESIDENCIA DE ANCIÁNS “NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN”.

No Salón de Plenos do Concello de Sarria (Lugo), sendo as nove horas trinta minutos do día 21 de xuño de 2016, reúnese o tribunal cualificador do proceso selectivo para acceso á Bolsa de Emprego de Enfermeiros/as do Organismo autónomo Residencia de Anciáns “Nuestra Señora del Carmen” segundo bases aprobadas por resolución da Vicepresidencia número 26/2016 publicadas no BOP de Lugo de data 20 de abril de 2016.

Xustifica a súa imposibilidade de asistencia ao tribunal D. JOSÉ ANTONIO CARRO ASOREY, substituíndoo a súa suplente, DNA. M.^a ARÁNZAZU SASTRE CARRACEDO.

Non asiste DON JUAN TOMÁS CORREDOIRA CORRÁS, substituíndoo a súa suplente DONA SUSANA PÉREZ REGO.

Asistentes:

1. Presidenta: DNA. YOLANDA ALONSO PÉREZ, con DNI 44428897G, enfermeira do Hospital Comarcal de Valdeorras.

2. Vogais:

2.1.- DNA. BEATRIZ BLANCO HERAS, con DNI 32657240T, enfermeira do Hospital Comarcal de Monforte.

2.2.- DNA. SUSANA PÉREZ REGO, con DNI 76621606G, enfermeira do HULA..

2.3.- DNA. YOLANDA RUANO FERNÁNDEZ, con DNI 11411601J, Técnica Social do Centro de Saúde da Milagrosa de Lugo.

Actúa como Secretaria DNA. MARÍA ARÁNZAZU SASTRE CARRACEDO, con DNI 44077951S, Interventora do Concello de Sarria, con voz pero sen voto.

Constitúe o obxecto deste acto a selección das preguntas que conformarán o exercicio da fase de oposición, así como determinar as condicións de realización do mesmo.

O tribunal, dando cumprimento ao acordado na sesión celebrada o 15 de xuño de 2016 procede á selección das preguntas que conformarán o exercicio da fase de oposición, de carácter obrigatorio e eliminatorio consistente na realización de unha proba de aptitude tipo test con SESENTA (60) preguntas con catro respostas alternativas e CINCO (5) preguntas de reserva para o cal disporán de SETENTA E CINCO MINUTOS.

Cada pregunta terá un valor de 0,10 puntos sobre os 6 puntos máximos da fase de oposición. Cada catro respostas incorrectas, minorarase 0,10 puntos, o equivalente a unha pregunta, sobre os 6 puntos da fase de oposición.

As preguntas deberán ser respostadas na folla de respostas que lle será entregada aos aspirantes, e as mesmas deberán ser respostadas con bolígrafo. Se durante o transcurso da proba precisan corrixir algunha resposta, deberán anular a resposta incorrecta tachándoa cun X, e engadir ao lado a resposta válida.

Para superar a fase de oposición será preciso acadar como mínimo 3 puntos





Sarria

Organismo Autónomo
Nosa Señora do Carme

sobre 6.

Convócase aos membros do Tribunal para o martes 28 de xuño de 2016 ás 09:30 horas no Concello de Sarria para a realización da fase de proba práctica.

Convócase aos aspirantes para a realización da fase de proba práctica para o martes 28 de xuño ás 10:00 horas no Salón de Sesións do Concello. Os/as aspirantes deberán vir provistos de DNI ou de documento que o substitúa.

Lida a presente acta e encontrándoa conforme, asíñase por tódolos membros do tribunal, sendo as 12.00 horas do día da data, do que eu, secretaria, dou fe.

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

YOLANDA ALONSO PÉREZ

M.^a ARÁNZAZU SASTRE CARRACEDO.

